

WILSON

[Craig Johnson, 2017]

234

ESTREA EN NUMAX: 26.05.2017 | V.O.S.E. | +12

Wilson (2017, 94')

Dirección: Craig Johnson

Guión: Daniel Clowes (Novela gráfica)

Elenco: Woody Harrelson, Laura Dern, Isabelle Amara, Judy Greer, Cheryl Hines, James Saito, Chris Carlson, Chelsea Anne Lawrence

Son: Julie Feiner

Montaxe: Paul Zucker

Dirección de arte: Benjamin Bayne

Vestuario: Christopher Peterson

Fotografía: Frederick Elmes

Produtoras: Ad Hominem Enterprises (Estados Unidos)

Distribuidora: Fox

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idiomas orixinais: Inglés

FILMOGRAFÍA

True Adolescents, 2009

The Skeleton Twins, 2014

SINOPSE

Tras a morte do seu pai, Wilson, máis só ca nunca, propónse atopar á súa ex muller e recuperar a súa relación. Deste xeito descobre que ten unha filla adolescente que naceu tras a ruptura do seu matrimonio e que foi dada en adopción. Wilson forza o encontro coa súa ex muller e a súa filla descoñecida, pero o encontro soñado alonxarase dun final feliz.

«Divertida, conmovedora e perspicaz. Woody Harrelson está no tope de forma física para a comedia»

Joseph Hernandez, WE GOT THIS DISCOVERED



“Woody Harrelson achega a Wilson unha dose extra de humanidade”

Roberto González

Como chegaches ao proxecto? Teño entendido que recibiches o guión e entón decatácheste de que era a adaptación da obra de Daniel Clowes, do que xa eras fan. Iso é, enviáronme o guión despois de estrear *The Skeleton Twins* (2014) que, ao igual ca *Wilson*, tiña un ton entre divertido e triste. E cando chegou a min pensei, «Guau!, é o mesmo Wilson da novela gráfica?» Cando o lin descubrí que, en efecto, era unha adaptación e cativoume que fose tan divertido e tan escuro como na historieta pero tamén tan cheo de humanidade.

Na novela gráfica Wilson está debuxado en diferentes estilos mais en xeral o seu físico non se asemella ao de Woody Harrelson. Ao elixilo como protagonista tiñas a confianza de que reflectiría o espírito do personaxe?

Wilson é un tipo difícil e un pouco pasmón (risas). Podes ler a novela gráfica nuns vintecinco minutos e durante ese tempo poder soportalo e rir coas súas ocorrencias, mais nun filme de noventa minutos precisas agarrarte a algo máis que a un tipo de basicamente insulta a todo o mundo. Woody Harrelson conseguiu achegar a Wilson unha dose extra de

humanidade. Dáche esa calidez e ese encanto que che permite perdoar o mal comportamento do personaxe. Vímolos interpretar a psicópatas e asasinos en serie e aínda así sempre mantén esas calidades que o fan carismático.

Daniel Clowes adoita mudar bastante os guiños dos seus cómics cando os leva ao cinema Traballaches con el eses cambios?

O guión que recibín era moi similar ao que finalmente rodamos de maneira que si, el xa mudara varias cousas, como debe un facer sempre que realiza unha adaptación. De todos os xeitos si que traballamos xuntos nalgúns aspectos do guión. Eu dáballe ideas e el devolvíame a súa versións desas ideas. Gran parte dos cambios tiveron que ver co personaxe de Pippi, que é moi diferente no filme con respecto ao da novela gráfica. Iso débese a que eliximos a Laura Dern para interpretala e ela achegou unha enerxía diferente ao personaxe. Unha vez souben que ela ía actuar no filme Dan e máis eu volvemos sobre o guión para mudar unhas cantas cousas. En xeral Daniel estivo moi aberto ás miñas suxestións. Logo el sempre o reescribía mais tendo en conta as miñas propostas.

Tentastes rebaixar o pesimismo do cómic e introducir un humor máis de gargallada?

Iso estaba xa no guión orixinal de Dan que mostra a un Wilson que tenta conectar co mundo. Ao adaptalo ao cinema tentou debuxar unha viaxe para o protagonista no que facía un maior esforzo por conectar

coa humanidade que o que se mostra na novela gráfica. Procuramos que o personaxe se cuestionase o seu lugar no mundo até o remate do filme e a maneira en que Woody Harrelson o interpreta reflecte máis ese intento de conexión que a súa desconexión.

Inspirácheste en adaptacións previas de Clowes como *Ghost World* (Terry Zwigoff, 2001) ou *El arte de estrangular* (Terry Zwigoff, 2006)? Por exemplo no uso das cores brillantes...

En efecto. Os meus deseñadores de produción e de vestuario prestaron moita atención á paleta de cores da novela gráfica. Sabiamos que non podiamos reproducir o debuxo do libro, que se asemella ás tiras cómicas de prensa e muda de estilo a cada páxina, mais aínda así queriamos reflectir o mundo de Daniel Clowes e iso tiña moito que ver coa cor e o deseño. Non volví ver *El arte de estrangular* mais si que vin de novo *Ghost World*, que é un filme que adoro e que me serviu de moita axuda para adaptar *Wilson*.

Como encontraches a Isabelle Amara, a actriz que interpreta a filla de Wilson, Claire?

É unha moza que aínda vai ao instituto en Atlanta e mandounos unha fita. O noso director de cásting viu a centos de mozas e escolleu unha mostra das que me quería amosar. A primeira que vin foi a de Isabella e non podía crelo. Era Claire! Logo vin as demais gravacións pero no fondo da miña cabeza seguía a pensar que ela era a elección perfecta.

Publicado en www.auxmagazine.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Wilson, Daniel Clowes. Reservoir Books, 2016

El rayo mortal, Daniel Clowes.

Random House, 2016

Ghost World, Daniel Clowes. La Cúpula, 2013

Paciencia, Daniel Clowes. Fulgencio Pimentel, 2016

Ice Haven, Daniel Clowes. Random House, 2016

Mister Wonderful, Daniel Clowes.

Random House, 2016

Twentieth Century Bola Ocho, Daniel Clowes.

La Cúpula, 2016

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

